

VI CONCURSO “IGNACIO LÓPEZ BUENO” DE PRESENTACIÓNS AUDIOVISUAIS

A modificación de hábitos alimenticios na actualidade está a xerar importantes problemas de saúde dende idades cada vez máis novas, é por iso que queremos motivar ao alumnado para que mellore os seus hábitos e coñeza e valore a importancia da alimentación saudable.

A Dirección do I.E.S.”TERRA DE TRASANCOS” quere convidalos a participar na VI Edición do Concurso de Presentacións audiovisuais “Ignacio López Bueno” que este ano terá como tema:

“ALIMÉNTATE EN SAÚDE”

BASES DO CONCURSO:

PARTICIPANTES:

O concurso vai dirixido aos alumnos e alumnas de **ESO, BACHARELATO e CICLOS** que estean matriculados no presente curso en centros de **GALICIA**.

Cada un dos participantes deberá acompañar o seu traballo dun certificado de matrícula nalgún dos centros da nosa Comunidade Autónoma.

TRABALLO:

Consistirá nunha presentación audiovisual en calquer tipo de formato de Vídeo cunha duración máxima de 5 minutos.

O tema deste ano é: **“ALIMÉNTATE EN SAÚDE”**

VALORACIÓN DO TRABALLO:

Para a valoración do traballo terase en conta:

- O rigor científico.
- O tratamento do tema.
- A orixinalidade da presentación e dos contidos.
- Os aspectos tecnolóxicos e plásticos.

ENTREGA DO TRABALLO:

- Na Secretaría do centro IES “TERRA DE TRASANCOS”
- Por correo ordinario en formato CD ou DVD
- Por correo electrónico, poñendo como asunto: **VI Concurso de presentacións audiovisuais “Ignacio López Bueno”**
- Terá que constar o nome do alumno, o curso, o centro no que está matriculado, o nome do profesor encargado e os seus datos de contacto.

ENDEREZOS:

IES “TERRA DE TRASANCOS”, CAMIÑO REAL s/n C.P. : 15570 NARÓN.

ies.terra.trasancos@edu.xunta.es

DATAS DE PRESENTACIÓN:

Os traballos terán como data límite para a súa presentación o día 2 de Abril do 2013.

PREMIOS:

Haberá dous premios divididos en dúas categorías:

1 premio para alumnos de ESO dotado con DIPLOMA e un **MP5**.

1 premio para alumnos de Bacharelato e Ciclos dotado con DIPLOMA e un **MP5**.

ENTREGA DE PREMIOS:

O fallo do concurso darase a coñecer o día **10 de Abril do 2013** e será publicado no taboleiro do centro e na páxina web : www.edu.xunta.es/centros/iesterratrasancos. A entrega dos premios correspondentes realizarase nun acto que se levará a cabo na Sala de Usos Múltiples do centro o día **12 de Abril do 2013 ás 12.10 da mañá**.

XURADO:

Estará constituído polos seguintes membros:

A Xefa de Departamento de Plástica, a Xefa de Departamento de Bioloxía e Xeoloxía e o Coordinador do Equipo de Normalización Lingüística.

O fallo será inapelable, podendo quedar deserto algún dos premios se o xurado así o considera.

Os traballos presentados non se devolverán e poderán ser publicados na páxina web do Instituto.